



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 27 DE SETEMBRO DE 2012

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, A Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa asistencia as profesoras Ana Iglesias Galdo, Rosa Meijide Failde, Antía Pérez Caramés, Francisco Alonso Tajés e Manuel Angel Graña.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para a celebración da sesión, o reitor da paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O reitor abre o seu informe dando conta das reunións da CRUE, celebradas os días 6 e 19 de setembro, ben como do *Consejo de Universidades* celebrado en Madrid o propio día 19 de setembro. Nas reunións da CRUE discutíronse criterios de actuación común respecto da política de impugnación de prazas de PDI funcionario desenvolvida a partir do mes de xullo polo Ministerio de Facenda. No noso caso, o 26 de xullo foinos notificado por burofax un requirimento de retirada de dúas prazas de PDI funcionario publicadas no BOE de 6 de xullo. Este requirimento foi rexeitado, de acordo cos criterios adoptados pola CRUE o 6 de setembro. Tamén se abordou a comunicación do Tribunal de Cuentas sobre o programa de xubilacións voluntarias incentivadas. A CRUE recomendou suspender o programa mentres non se resolvan os procedementos abertos polo Tribunal de Cuentas. Así se fixo tamén na nosa Universidade, con notificación individual ás persoas que decidiran acollerse ao programa, ao abeiro do Acordo do Consello de Goberno do 27 de marzo de 2012.

No Consejo de Universidades sometéronse dous borradores de orde ministerial polo que se convocan axudas para a concesión de mención de excelencia dos mestrados e para a internacionalización das Universidades. Ambas as convocatorias foron retiradas para o seu estudo nunha vindeira sesión do Consejo. Tamén se avaliou a situación das escolas de ensino artístico superior.

O reitor informa da vindeira reunión do Consello Galego de Universidades para o vindeiro día 1 de outubro.



O reitor informa tamén dos cesamentos de Salvador Naya, como delegado do SAPE no Campus de Ferrol, con efectos do 1 de xullo e de Neves Arza, como directora do SAPE, con efectos do 1 de setembro, agradecendo os servizos prestados. Informa, así mesmo, do próximo cesamento de Luis Caparrós como coordinador de programación de Normal, con efectos do día 30 de setembro e o nomeamento de don José María Mesías Lema como adxunto á Vicerreitoría de Estudantes, Deportes e Cultura.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa que con data 23 de xullo publicouse a convocatoria de contratos predoutorais da Xunta de Galicia. Con data 20 de setembro de 2012 saíu publicada a listaxe provisoria de admitidos e excluídos desta convocatoria.

Nos últimos días de xullo foron recibíndose os informes de avaliación da ANEP sobre os grupos de investigación da UDC. O 3 de agosto foron remitidos aos coordinadores dos grupos de investigación, fixando un prazo para posibles alegacións que rematou o día 10 de setembro. Estas alegacións están sendo estudadas pola ANEP. Desde a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia fíxose un informe global sobre os resultados da avaliación que foi presentado o día 5 de setembro ante a Comisión de Investigación, delegada deste Consello de Goberno. Con posterioridade foi publicado na web da UDC, na que está accesible previa autenticación do usuario.

O 31 de agosto foron publicados no Diario Oficial de Galicia os regulamentos das contratacións previstas no artigo 83 LOU, de creación de empresas de base tecnolóxica e de propiedade industrial e intelectual. En breve se organizarán unhas xornadas de divulgación dos regulamentos e de formación específica en diversos aspectos relacionados.

Unha delegación da *Ocean University of China*, encabezada polo seu Vicepresidente de Relacións Internacionais visitou a Universidade da Coruña o 6 de Setembro. A visita enmarcouse dentro dunha xira polas universidades galegas e do norte de Portugal implicadas no Campus do Mar. A delegación chinesa, acompañada polo profesor Emilio Fernández, director xeral do Campus do Mar, coñeceu as instalacións dos laboratorios de Portos e Costas e o de Hidráulica no CITEEC. Logo, a delegación desprazouse ao Campus de Ferrol para unha reunión coa dirección da Escola Politécnica Superior e para coñecer mais de preto os proxectos de investigación da UDC no contexto da Enxeñaría Naval. A delegación da



Ocean University amosou interese por subscribir un acordo que incluíría desde intercambio de estudantes e profesores ata o establecemento de programas de investigación conxuntos e a colaboración en transferencia de tecnoloxía. A vicerreitora do Campus de Ferrol e de Responsabilidade Social e o vicerreitor de Investigación e Transferencia acompañaron á delegación chinesa durante a súa visita.

Ao longo do mes de agosto e primeiros días de setembro fóronse recibindo as propostas de resolución do Ministerio de Economía e Competitividade sobre os proxectos do Plan Nacional. Os grupos da UDC acadaron 29 proxectos nesta convocatoria, por un importe de 1.437.322, conseguindo 5 bolsas/contratos FPI. Isto supón un 30% de éxito na convocatoria. Hai uns días finalizou o período de alegacións a estes proxectos.

Con data 21 de setembro reuniuse a comisión de avaliación das axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia e para proxectos emerxentes. A UDC acadou 4 axudas de Grupos de Referencia Competitiva (33% de éxito), 9 de Grupos de Potencial Crecemento (26% de éxito), 4 de redes (57% de éxito), 1 de agrupacións estratéxicas (100% de éxito) e 5 de proxectos emerxentes (19% de éxito). As axudas concedidas suporán para a UDC un importe duns 3.061.000 euros para os anos 2012-2015.

Con data de hoxe, enviouse a proposta da Universidade da Coruña presentando como candidato ao Premio México de Ciencia e Tecnoloxía ao Profesor Enrique Castillo Ron. A proposta foi apoiada polas Universidades de Vigo, Carlos III de Madrid, Castilla - La Mancha e Cantabria, así como pola “Asociación Española para la Inteligencia Artificial” (AEPIA), a “Sociedad de Estadística e Investigación Operativa” (SEIO) e a “Real Academia de Ingeniería”.

Nas datas 1-21 de Outubro terá lugar a Exposición “A Universidade coa Empresa” no Cantón Grande de A Coruña, na zona do Obelisco. Nesa exposición amosaranse exemplos de actividades de transferencia de grupos de investigación da UDC. Tamén se organizarán diversas actividades sectoriais e transversais paralelas entre os grupos de investigación e empresas, así como outras de difusión, emprendemento e divulgación. A inauguración da exposición terá lugar o martes 2 de Outubro ás 11:00 da mañá.

O vicerreitor de Titulacións, Calidade e Novas Tecnoloxías dá conta da reunión que tivo lugar o 24 de setembro entre as universidades do SUG e a



secretaría xeral de universidades en relación cos mestrados que se van impartir o curso que ven. Autorizouse aos mestrados que tiñan o número mínimo de matriculados, e acordouse deixar para o día 15 de outubro a autorización dos que aínda non teñen o número mínimo. Conseguiuse que todos os mestrados mixtos fosen considerados como de investigación (abondando en consecuencia con 10 alumnos matriculados). Hai tres mestrados que xa non se van poder impartir: enxeñaría de mantemento do buque; investigación e avaliación de servizos sociosanitarios; procuradoría.

En segundo lugar, o vicerreitor informa de que está a piques de rematar o prazo de matrícula e dereito de exame das materias correspondentes ás titulacións extinguidas. A solución proposta para estes casos é unha resolución reitoral pola que se habilita unha matrícula extraordinaria, para que podan examinarse ou utilizar o sistema de avaliación por compensación.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón que, como xa adiantou o reitor, e como consecuencia do requirimento recibido pola UDC, o 23 de agosto déuselle audiencia aos profesores afectados polo mesmo, para comunicarlles esta circunstancia sobrevida. A solicitude de autorización previa das prazas á Dirección Xeral de Orzamentos foi enviada a finais de xullo, que está estudando o tema. A tal efecto, pedíronnos datos para calcularen a taxa de reposición. Está prevista unha reunión o martes da vindeira semana co director xeral de orzamentos. Por todas estas circunstancias, o vicerreitor anuncia a suspensión cautelar de convocatoria de novas prazas de PDI funcionario.

Respecto das prazas de contratados laborais, o equipo de goberno decidiu que só promocionarán os contratos de axudantes e axudantes doutores que contén coa acreditación cando estean nos dous últimos anos do contrato.

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa que desde o anterior Consello de Goberno imputou ao exercicio corrente obrigas xeradas no exercicio 2011 nos expedientes V-0013-12, V-0013-12 e V-0013-15 por importe total de 85.789,71€

Por outra banda, a Comisión de Asuntos Económicos do Consello de Goberno na súa sesión do 24 de xullo validou expedientes de gasto e os imputou a créditos de 2012 por importe de 237.912,73 € no expediente C-0006-12. Na reunión de 21 de setembro validáronse os expedientes C-0007-12 e C-0008-12 por un importe total de 470.020,14 €



A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social comenta o incremento de solicitudes sobre todo no ámbito das adaptacións de achegamento ao currículo. Tanto o transporte adaptado como a asistencia persoal, manteñen ou incrementan o número de usuarios/as e aumenta o alumnado que solicita algún tipo de adaptación dos temarios que se imparten nas aulas de atención á diversidade. Renovouse a licenza do programa de software *Claro Read*. Este programa permite o escaneado e lectura en voz de calquera documento e nesta versión ten unha nova ferramenta, que transcribe o ditado a través dun micrófono.

Entre o 17-19 de setembro tiveron lugar as Xornadas “*Emprender: una perspectiva de xénero*” da Oficina de Igualdade de Xénero. En colaboración coa Oficina de Cooperación e Voluntariado e os concellos de Ferrol e Narón, estase a organizar unha xornada para o vindeiro 25 de outubro con título “*A participación social a través do voluntariado. Unha perspectiva de xénero*”. Mañá, venres, terá lugar unha xornada de benvida aos estudantes estranxeiros do campus de Ferrol.

A vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación informa das seguintes convocatorias xestionadas pola súa vicerreitoría desde o último consello de goberno:

31 Xullo 2012: Convocatoria de axudas financeiras de mobilidade para persoal da UDC a institucións de ensino superior ou empresas, con fins de formación Erasmus-STT. Importe. 19.040 euros.

31 xullo 2012: Convocatoria de bolsas de mobilidade docente STA. Importe: 30.680 euros

30 xullo 2012: 2º convocatoria de bolsas Santander Iberoamérica Grao

Comezou a andaina do grupo plurilingüe de ADE, trala oportuna acreditación lingüística dos alumnos, polo Departamento de inglés ou previa acreditación de nivel. Materias en inglés: 1º Cuadrimestre: Microeconomía e Socioloxía 2º Cuadrimestre: Estatística e Economía da Empresa. Alumnos neste primeiro cuadrimestre: Microeconomía: 16 estudantes UDC + 5 Erasmus = 21. Socioloxía: 16 estudantes UDC + 3 Erasmus = 18. En xeral, satisfacción dos profesores e dos alumnos.

Por outra banda, o vindeiro luns inaugúrase o Mestrado en Enxeñería da Auga, dobre titulación coa universidade alemá de Magdeburgo, na que están matriculados 27 alumnos entre españois e alemás.



Incrementouse asemade o número de materias que se imparten en inglés nas diferentes titulacións, tanto de grado como de máster.

O 21 de setembro fíxose o Acto de benvida para estudantes de intercambio (1º semestre) no Paraninfo da Reitoría da UDC. Este ano hai, no primeiro cuatrimestre, case 300 alumnos internacionais repartidos polas diferentes titulacións e pertencentes a diversos programas de mobilidade. En concreto, e polo de agora (xa que segue aberta a convocatoria Erasmus para o segundo semestre 2012/2013):

- Erasmus saíntes: 499. Principais destinos: Italia (133), Portugal (78), Polonia (66), Francia (42), Alemania (38).
- Bilaterais saíntes: 64. Principal destino: Brasil (37); outros destinos - Argentina (8), Chile (3), Colombia (3), México (5), Cuba (3), EEUU (3), Uruguay (2)
- Outros programas: 10. ANUIES-CRUE: 8 (México)
- EU Articulation Scheme: 2 (Reino Unido)

- Erasmus entrantes: 189 (primer semestre). Principais procedencias: Italia (84), Polonia (31) Francia (24).
- Bilaterais entrantes: 40
- Principal procedencia: Brasil (26)
- Ciencias sen Fronteiras: 47 (todos son de Brasil).

Entre outras actividades específicas de promoción internacional da UDC, acadimos ao foro da EAIE, a maior institución educativa superior europea, coas restantes universidades españolas baixo o paraugas da fundación universidad.es, que este ano se celebrou en Dublín. Promoción, publicidade, reunión con actuais e futuros parceiros, son o obxectivo destas xuntanzas.

Invitados pola Fundación Barrié baixo o convenio das Gradschool, tamén acadimos a Manchester, á Vitae researcher development international conference 2012, para a presentación do proxecto de Gradschool que agora se pon en marcha, a través do convenio asinado coa Fundación Barrié, coa convocatoria de prazas para participar en cursos Gradschools, na UDC.

Séguese a incrementar o número de convenios marco internacionais e específicos para realizar actividades específicas de intercambio.



Gustaríame recordar que de todas as actividades, convocatorias e eventos internacionais da UDC damos conta diaria no blog *up-to-date*, na páxina de relacións internacionais.

O xerente informa da aprobación da instrución pola que se regula a baixa da paga extra de Nadal na nómina, en aplicación do Real Decreto-Lei 20/2012, así como da nova regulación da compensación económica en caso de situación de IT. En breve comezará a negociación da proposta de relación de postos de traballo e os axustes da xornada laboral a 37,5 horas en cómputo semanal, por mor da política imposta desde o goberno central.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 17 de xullo

Tras a lectura da acta do pasado consello de goberno do 17 de xullo, que estivo a disposición dos membros do Consello de Goberno na Secretaría dos seus respectivos centros e na Secretaría Xeral da Universidade, a acta apróbase por asentimento.

O secretario aproveita para informar de que, a partir de agora, os anexos da documentación do Consello de Goberno será incorporada ao libro de actas mediante un CD asinado dixitalmente.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión de catro (4) convenios marco, catorce convenios específicos (14) e cento sesenta e nove convenios para prácticas (169) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.

A listaxe apróbase por asentimento.

4. Modificacións orzamentarias

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas propón dúas modificacións orzamentarias, en aplicación da base novena de execución do orzamento.



Unha primeira, no Departamento de Enxeñaría Naval e Oceánica da EPS de Ferrol, consistente nunha baixa de 265,50 € na aplicación de gastos de funcionamento (52501844 541A 224.14), e correlativa alta na aplicación de equipamento informático (52501844 541A 626.00).

Outra, da Facultade de Informática, consistente nunha baixa nas aplicacións de aluguer mobiliario e equipamento (4.820,36 € aplicación 5050 300C 205.00) e aluguer equipos de procesos de información (10.784,08 € aplicación 5050 300C 206.00), cunha alta de 15.604,44 € na aplicación de equipos e procesos informáticos (5050 300C 626.00)

Apróbanse por asentimento as ditas modificacións segundo constan na documentación que figuran como anexo **anexo IV**.

5. Proposta de premios extraordinarios de doutoramento 2010-2011

O vicerreitor de Investigación e Transferencia expón a proposta de premios extraordinarios de doutoramento, que foi aprobada pola Comisión de Doutoramento do 17 de setembro de 2012, a partir das propostas das comisións designadas ao efecto por cada titulación.

O profesor Castedo pregunta se no futuro se van seguir concedendo os premios por titulacións, ou se van unificar os premios, tendo en conta o novo Real decreto de doutoramento.

O vicerreitor expón que se trata dun tema complexo, que se está a debater na Comisión de Doutoramento, pois existen distintas opcións.

Tras a anterior aclaración, apróbase por asentimento, a proposta de premios extraordinarios de doutoramento que figuran como **anexo V**.

6. Convocatoria prazas de PDI contratado

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a convocatoria de tres prazas de contratación laboral de profesorado, que foron informadas favorablemente pola mesa sindical e a COAP.

Unha, de contratado/a doutor/a, con dedicación total, para a Área de Lingua Española e docencia en Fonética e Fonoloxía do Español.

Outra de axudante doutor/a, con dedicación total, na Área de Ciencias dos Materiais e Enxeñaría Metalúrxica, e docencia en Ciencias dos Materiais,



Tecnoloxía dos Materiais Metálicos e Mecánica da Fractura. Corríxese o erro que figura na documentación presentada xa que o centro de adscrición é a Escola Universitaria Politécnica en lugar da Escola Politécnica Superior.

Por último, unha praza de asociado con dedicación parcial P06 para a Área de Mecánica dos Medios Continuos e Teoría de Estructuras, con docencia en Estructuras I e Estructuras II.

Apróbanse por asentimento, segundo figuran no **anexo VI**.

7. Proposta cambios de dedicación curso académico 2012/2013

Solicítase dous cambios de dedicación para o vindeiro curso, por necesidades docentes nas respectivas áreas. Contan co informe favorable da mesa sindical e da COAP.

Yolanda Pérez Sánchez, contratada interina de substitución na Facultade de Humanidades e Documentación, pasaría de TC a P03.

María José Rodríguez Docampo, TEU na ETS de Náutica e Máquinas, pasaría de TC a P06.

Apróbanse os cambios por asentimento, segundo figuran no **anexo VII**.

8. Proposta de cambio de área de coñecemento

Propónse o cambio de área da profesora Yolanda Pérez Sánchez, que pasaría desde a Área de Historia da Arte (código 465) á Área de Composición Arquitectónica (código 100), dentro do mesmo departamento (Composición).

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo VIII**.

9. Proposta de nomeamento e prórroga de profesorado honorario

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita o nomeamento de tres novas propostas de profesor honorario (Jaime Núñez Sal, da Área de Construcións Arquitectónicas; José E. Ramos Fernández, da Área de Expresión Gráfica Arquitectónica; Francisco Salinas Portugal, da Área de Filoloxía Galega e Portuguesa), do 1 de outubro de 2012 ao 30



de setembro de 2014. Teñen informe favorable da mesa sindical e da COAP.

Igualmente solicita a renovación dos seguintes profesores honorarios por dous anos: José María Juan-García Aguado, Fuencisla Merino de Cáceres e Jorge Teijeiro Vidal.

Apróbanse por asentimento, segundo figuran no **anexo IX**.

10. Venias docentes

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón as venias docentes solicitadas polos profesores que figuran no **anexo X**, que contan con informe favorable dos respectivos departamentos de adscrición.

Erro na última praza, que non foi abordada na COAP, pero entende que non hai óbices para outorgala.

Apróbanse as venias docentes por asentimento.

11. Proposta de licenzas

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente expón o cadro de licenzas que se inclúen no **anexo XI** a esta acta, e que contan con todos os informes favorables.

Apróbase por asentimento.

12. Comisión de servizos

O Tribunal de Cuentas solicita en comisión de servizos ao profesor Agustín-Jesús Pérez-Cruz Martín, catedrático da Área de Dereito Procesual, para a súa incorporación ao posto de subdirector técnico do Departamento 3º da Sección de Axuízamento. Ten todos os informes favorables.

Apróbase por unanimidade segundo figura no **anexo XII**.

13. Regulamento do centro de estudos de xénero

A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social expón que desde que no ano 2006 se creou a Oficina de Igualdade de Xénero, a



Universidade da Coruña ven facendo esforzos para superar os atrancos de toda clase que impiden ou dificultan a consecución da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

A creación do Centro de Estudos de Xénero e Feministas (Cexef) pretende xerar un espazo universitario de reflexión, debate e investigación para os estudos de xénero, na liña demandada polas recomendacións da Comisión Europea nesta materia, e dentro das tendencias existentes en moitas universidades españolas. As súas finalidades son coordinar, fomentar e difundir os estudos de xénero de forma interdisciplinar e con carácter aberto a toda a comunidade universitaria.

O presente regulamento ten por obxecto regular a creación, estrutura e rexime interno de funcionamento do Cexef.

Apróbase por asentimento segundo figura no **anexo XIII**.

14. Quenda aberta de intervencións

O reitor abre a quenda aberta de intervencións.

O profesor Luis Castedo formula tres cuestións. A supresión da paga extraordinaria afecta tamén ao persoal de capítulo VI, e parece que non está claro o destino do diñeiro que se detrae do proxecto, o cal pode dar lugar a problemas de xustificación dos fondos. A seguinte cuestión ten que ver co regulamento do artigo 83: botou en falta unha distribución do regulamento, e aínda está sen actualizarse na web. Cuestión do artigo 19. En terceiro lugar, pregunta polo (im)pagamento dos sexenios de investigación.

Respecto da primeira cuestión, o xerente aclara que o Real Decreto-Lei é moi concreto, e na Xunta teñen claro que se aplica a redución da paga extra a este persoal. Porén, é certo que hai que aclarar coas entidades financiadoras como se van xestionar os fondos retidos como consecuencia da baixa da paga extra.

A segunda cuestión, relativa ao Regulamento de contratación do artigo 83, é contestada polo vicerreitor de Investigación e Transferencia, e tamén polo secretario xeral.

O reitor aclara o tema dos sexenios.



Pedro Nogueira formula unha cuestión do seu centro, relativa á matrícula no grao de estudantes que son aínda estudantes do plan vello: hai un número importante de estudantes que están solicitando a simultaneidade de estudos de grao e de plan vello. Solicita que haxa un criterio único nestes casos. O director da queixas da tardanza da ACSUG na verificación dos novos títulos de mestrado a impartir no curso 2012-2013.

O reitor toma nota do problema, e comenta tamén as novidades que se produciron respecto do Grao de Enxeñaría da Edificación.

Ana Barxa pregunta sobre o foro do 16-18 de outubro sobre formación para o emprendemento. Critica o lema do foro, por utilizar a expresión “*véndete*”.

Nuria Sousa pregunta sobre o tema da detracción da paga extra, se se vai liquidar a parte proporcional devengada até a entrada en vigor da norma que dá de baixa a paga extra de nadal. O xerente di que a lei é moi clara ao respecto, e que a súa obriga é respectar os criterios da Xunta de Galicia, porque se nos van aplicar queirámolo ou non.

O profesor Moisés Alberto intervén sobre o Mestrado de Recursos Humanos pola Escola de Relacións Laborais de A Coruña, que compite co mestrado universitario oficial da Facultade de Ciencias do Traballo. En particular, suscita a cuestión da participación do profesorado a tempo completo da UDC para impartir esa titulación. Hai algún profesor que está na comisión organizadora do curso. Tamén indica que non está de acordo con que se faga publicidade a través do website da UDC.

Contestan sobre este tema, o reitor e o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías quen insiste en que non hai publicidade na website da UDC.

O profesor Manuel Casteleiro sinala as inquiredanzas xeradas polo artigo 2.2 do Regulamento de contratos.

O profesor Miguel Muñoz sinala un problema da matrícula dos estudantes nos programas de doutoramento regulados polo Real Decreto 99/2011, causado pola entrada en vigor do noso regulamento de doutoramento e o criterio acordado pola Comisión de Doutoramento na súa sesión do 17 de setembro. Solicita que a Comisión de Doutoramento interprete flexiblemente a admisión destes alumnos con titulacións vellas (diplomaturas) ao doutoramento.

O vicerreitor de Investigación e Transferencia replica ao profesor Muñoz, insistindo no criterio adoptado por unanimidade na Comisión de Doutoramento de 17 de setembro.

O profesor Sobrido Heredia comenta que na UVIGO non van renovar aos profesores asociados e que se está a falar da rescisión de contratados doutores. Solicita contrastar esta información.

O reitor explica que as situacións son diferentes en cada universidade.

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:35 horas, do que eu, como secretario, do fe, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luis Armesto Barbeito